



Casa do muiñeiro. Taller de restauración, arquivo, biblioteca.



Corredor de entrada á casa.

BENITO LOSADA

Naceu en Lugo en 1946

Está vencellado a numerosos proxectos culturais entre os que destacan: Outono Fotográfico, Xornadas de Banda Deseñada, Bienal da Caricatura, Clube Cultural Alexandre Bóveda.

UN MUSEO DE FRONTEIRA



BENITO LOSADA
Director da Casa da Xuventude
de Ourense

Un dos trece museos do Principado de Asturias –segundo a guía oficial de 1997– está en Grandas de Salime, capital do concello do mesmo nome que linda coa Fonsagrada, da que dista menos de trinta quilómetros de estreita e revirada estrada. Seguindo a teoría da botella medio chea ou media baleira, o Museo grandalés pode ser galego ou asturiano. Eu, desde logo, atópome entre os que opinan o primeiro; e a toponimia opina o mesmo: os letrados do camiño, xa no Principado anuncian Penafonte, Nogueirón, Xestoselo, Cereixeira, A Farrapa... estamos nun dominio do galego oriental, e se a lingua é o soporte básico dunha cultura, os usos e costumes que imos ver recollidos no Museo Etnográfico de Grandas son os que poderíamos ver noutros moitos lugares de Galicia, coa lóxica peculiaridade local.



Exteriores da casa do muiñeiro, muiño e alpendre do muiño.

O museo nace no 1984, como moitos outros, dunha colección particular; a partir de aí, e en pouco tempo, Concello, Principado, Caixa de Aforros e Universidade de Oviedo sacan adiante un proxecto de museo vivo, obxectivo doutros moitos centros semellantes pero que poucos acadan como o fai o de Grandas. Está instalado definitivamente na vella e restaurada casa rectoral, edificio característico da arquitectura popular da zona, construído con

mampostería de lousa e carpintería de castaño, cuberta á súa vez tamén de lousa. Tal alarde de eficacia só foi posible gracias a José Naveiras, *Pepe el Ferreiro*, inspirador e animador onde os haxa, que aportou a súa colección, froito dunha dedicación de vinte anos recollendo obxectos, a partir da que hoxe se reconstrúe unha unidade de explotación familiar baseada no autoabastecemento. Amosa o desenvolvemento dos labores cotiáns na casa dun labrego así

Cuarto



como os oficios tradicionais. No museo todo funciona: no forno cócese o pan; o muíño de auga moe; faise a matanza alí mesmo, colgando chourizos e botelos na lareira onde

son afumados. O madreñeiro, torneiro, as teceláns... traballan cara ó público usando as ferramentas e obradoiros instalados, ensinando técnicas que gracias a esta iniciativa

xa non serán esquecidas. Aparte das coleccións, das técnicas, e de recrealo ambiente dunha casa labrega, tamén se pretende conservar ó liño, do que se segue todo o ciclo que

Cociña-lareira





Ferreiro na forxa do propio Museo.

Vista parcial do horreo e paneira xunto ó palleiro.






Ferramentas de cullereiro e culleres.


comeza coa súa semente no mes de maio.

O dinamismo do museo tamén é visible na súa constante evolución: sempre hai proxectos que se van materializando pouco a pouco; a casa que inicialmente tiña corral cun cabanón e corredor cuberto, máis un pozo de auga, hoxe está acompañada dun hórreo con teito de palla e dunha paneira; logo conseguiu un muíño perfectamente reconstruído e posto en funcionamento; nestes días están a piques de rematar un edificio que servirá de biblioteca, talleres e oficina; e xa está comprado o terreo e habilitada a partida correspondente para engadi-las cortes onde te-lo gando, o que suporá a posibilidade de ver en vivo os animais que alimentaban -aínda o fan en moitos casos- e traballaban coas familias desta terra.

Tecelana.



A vila é algo máis que o museo; acaba de recibirlo título de *Pueblo ejemplar asturiano*, distinción que lles foi a entrega-lo titular do Principado, Felipe de Borbón, garantía do coidado e esmero co que os grandaleses tratan a paisaxe, rúas e monumentos, entre os que destaca a ex-colexiata do Salvador, no mesmo centro da poboación, que conserva no seu muro un pórtico románico con ferraxes do século XV, que contribúen a levar numerosos visitantes, o que, dada a súa posición no mapa, non se conseguiría nin cunha boa autoestrada. E para rematar deixemos constancia do paso pola vila dun dos camiños asturianos a Santiago de Compostela, o máis vello, chamado do Salvador ou de Afonso II, perfectamente sinalizado e dotado de pequenas pousadas que acollen a un crecente número de peregrinos; e tamén de que a proximidade de Grandas ós Oscos pode convertela na primeira etapa dunha viaxe a unha das paisaxes máis fermosas e mellor conservadas da Galicia interior. Paga a pena.



Zoqueiro ou "galocheiro".



*Muiñeiro
picando a moa.*